

Resolución do 26 de novembro de 2019, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo unitario nos corpos da policía local, categoría de policía, quenda de acceso libre, convocado pola Orde do 31 de maio de 2019 (DOG núm. 115, do 19 de xuño) pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do cuarto exercicio.

Na sesión que tivo lugar o día 25 de novembro de 2019, o tribunal nomeado pola Orde do 30 de setembro de 2019 (DOG núm. 195, do 14 de outubro), acordou:

Primeiro. O cuarto exercicio deste proceso selectivo correspondente as probas psicotécnicas, realizarase na sede da Agasp, sita na Rúa da Cultura, s/n, 36680, A Estrada (Pontevedra).

A primeira parte desta proba consistente na realización dunha proba de intelixencia e personalidade, levarase a cabo o día 9 de decembro de 2019, en chamamento único que se iniciará as 10:00 horas.

A segunda parte desta proba, consistente na contestación a un cuestionario formulado verbalmente comezará a realizarse a partir do día 16 de decembro de 2019, a través da páxina web da Agasp (www.agasp.xunta.gal) informarase das quendas, horarios e datas de chamamento.

Segundo.- Á realización desta proba son convocadas as persoas que figuran como aptas no anexo I da resolución deste tribunal do 25 de novembro de 2019 relacionada coas cualificacións da terceira proba deste proceso selectivo.

Terceiro.- As persoas aspirantes que teñan que realizar dita proba deberán ir provistas do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa entidade,

A Estrada, 26 de novembro de 2019

O presidente do Tribunal

Alejandro Tuero Gonzalez

